

SECUOIAS

As **TAXODIÁCEAS** son unha familia de coníferas formada por árbores de follas escamiforme-aciculares persistentes ou caedizas.

As **PINÁCEAS** son unha familia de coníferas coas follas aciculares que abrangue os piñeiros, os abetos, os cedros e os alerces.

ABETOS

Co nome de abetos coñécense varias árbores de aspecto semellante -típico porte piramidal- que se distinguen pola posición e tamaño dos conos, entre as que están os abetos verdadeiros (que teñen os conos ergueitos que se descaman na árbore), as piceas (cos conos colgantes) e as tsugas e pseudotsugas (cos conos colgantes



SECUOIA VERMELLA

Sequoia sempervirens
É orixinaria do sur de Oregón e California, de copa piramidal que no seu lugar de orixe acada máis de cen metros de altura. As follas son lineales-aciculares de aproximadamente 2 cm de lonxitude.




Secuoia vermella Pazo Soutomaior (Pontevedra). Ten máis de 100 anos. Mide 39 m de altura e 9,25 m de perímetro troncal.

METASECUOIA

Metasequoia glyptostroboides
É unha árbore de folla caediza orixinaria do suroeste de China.



Metasecuoia do Pazo de Lourizán. Pontevedra. Mide 28 m de altura



CEDROS

Son orixinarios das montañas de Asia Occidental e norte de África. Caracterízanse por ter dúas clases de acículas, unhas que se insiren illadas sobre ponlas longas e outras agrupadas en feixes sobre ponlas curtas. As piñas desintégrense na árbore ao madurar.



Cono do cedro coa súa típica forma globosa.



CEDROS DO HIMALAIA

Cedrus deodara.
Xardíns de Vincenti (Pontevedra). Teñen arredor de cen anos e miden 23 a 27 m de altura.



CEDROS AZUIS (*Cedrus atlantica*, variedade *Glauca*). Pazo de Gandarón (Pontevedra). Miden 26 a 30 m de altura.

CUNINGAMIA

Cunninghamia lanceolata
Árbore orixinaria da China, de copa columnar irregular. Os conos son ovoides e pequenos. As máis grandes atópanse no Pazo de Gondomar e miden arredor de 40 m.



Cuningamia do Parque Caldas de Reis. Mide 31 m de altura.



TAXODIO

Taxodium distichu
Coníferas de folla caediza que adquiren unhas vistosas tonalidades no outono. Son orixinarias de México e do sudoeste de Estados Unidos onde habitan en zonas pantanosas. Emiten unhas características raíces aéreas (neumatóforos) para suxeitarse mellor nos terreos lamacentos e coller aire.



Taxodio do Xardín de Artime (Vilagarcía). Mide 33 m de altura e 5,80 de perímetro troncal e posiblemente sexa un dos máis grandes de España.



SECUOIA XIGANTE

Sequoiadendrom giganteum.
É orixinaria de California. Ten as follas moi pequenas e agudas.



Secuoia xigante. Parque Rosalía de Castro (Lugo). Hai varios exemplares. O máis grande mide 31,5 m de altura.

PICEA



Detalle dunha ponla de picea coas piñas colgantes.



Picea común
Castelo de Soutomaior.

ABETO

Abies alba
Monte Aloia (Tui)



ABETO DO CÁUCASO

Abies nordmanniana
Paseo da Ferradura, (Santiago). Chamado "A Perona" por ser plantado por Eva Duarte de Perón en 1947. Mide 32 m de altura e 3,80 m de perímetro troncal. Este abeto é orixinario do Cáucaso e nordeste Turquía.



ABETO DE DOUGLAS

Pseudotsuga menziesii
Castelo de Soutomaior. Mide 32 m de altura. É unha árbore orixinaria do oeste de Norteamérica que pode acadar unha gran altura. As follas desprenden ao fregalas un aroma de limón.

